# EMILIA PARDO BAZÁN
# MÚLTIPLE Y ECLÉCTICA (II)

## Centenario 2021



Casal, X. Copia del pintor Vaamonde de Dª Emilia Pardo Bazán.
Ca.1984. Diputación Provincial A Coruña

**UNA CITA**:

**“Buscamos lectores para traerlos al conocimiento”**

**Benito Pérez Galdós**

## Documento del mes de febrero

ARQUIVO
Deputación
DA CORUÑA

Pionera en territorios vedados, en 1896 Emilia Pardo Bazán logra ser la primera mujer profesora del Ateneo de Madrid. En 1902, la primera Presidenta de Honor del Centro Gallego de la capital y en 1906, de la Real Academia Gallega. También es la mujer que alcanza por primera vez el cargo de Consejera de Instrucción Pública, en 1910 y en 1916 el de Catedrática de la Universidad Central. En ese mismo año, es la única mujer que logra votar en España antes de la II República, al formar parte de la Sociedad Económica Matritense de Amigos del País.

Consigue todos sus objetivos menos entrar en la Real Academia Española. La masculinidad intelectual del momento la rechazaría, como había hecho con Gertrudis Gómez de Avellaneda. Tras tres intentos, en 1889, 1891 y 1912, será la candidata perpetua. Decide que la lucha vale más que el fin y opta por gestionar el rechazo. Cerrar la puerta a las mujeres en general, y a Emilia en particular, es el mayor error de la institución en tres siglos de historia, en los que tan solo han logrado entrar once, a partir de 1978.

En apoyo de la candidatura de la condesa, no solamente se vuelcan todas las instituciones gallegas, como el Círculo de Artesanos, la Asociación de la Prensa, la Real Academia Gallega o la Diputación de A Coruña. El asunto se convierte en una cuestión nacional, políticamente transversal. No se trata solo de feminismo, sino de admiración e incluso de redefinición de las jerarquías culturales. La prensa de todas las tendencias se posiciona a su favor: La Voz de Galicia, El Imparcial, La Época, El Globo o El País. En desagravio, la "corona de su carrera", apenas tarda en llegar. Sus incondicionales promueven una suscripción popular para erigirle una estatua en los Jardines de Méndez Núñez. Reúnen 10 000 pesetas, 3000 proceden de la Diputación de A Coruña. (ver Comisión Provincial de 25/03/1912. Acuerda el texto del telegrama de petición de ingreso de la condesa en la RAE). (ver Acta de 18/12/1914. Acuerda contribuir al monumento).

Prolífica, con más de sesenta novelas, más de mil cuentos y más de mil quinientos artículos de prensa. Célebre, como George Eliot o Madame de Staël. Moderna y antimoderna, como Baudelaire, Goncourt o Balzac. Trasciende la disociación de su época entre lo público y lo privado, alentado el cruce entre su vida y su obra. Los personajes rompen con los códigos de valores al igual que su autora. Enamorada con el cerebro, como George Sand o Mary Wollstonecraft, sus amores no se desarrollan en círculos aristocráticos. Sus objetos de deseo serán los escritores, sus iguales. Transgresora de los usos amorosos, sociales e intelectuales de su época, vivirá a caballo entre los círculos literarios pequeño burgueses y los ámbitos aristocráticos en los que, aunque parezca contradictorio, encontrará más libertad.

Resucita el salón literario que se convierte en un centro de influencia. Instalada definitivamente en Madrid, en los años noventa, tras la muerte de su padre, irrumpe con escándalo en los círculos intelectuales de una sociedad abrumadoramente masculina. Sus tertulias de la calle San Bernardo, los lunes, llegarían a ser famosas por romper todas las lógicas, de ideología, de clase y de género.

Precursora en la defensa de los derechos de la mujer, sus tesis adelantan las de las escritoras anglosajonas: "la mujer tiene que trabajar y tener un salario, para ser realmente libre e igual al hombre". La modernidad de su pensamiento transgrede los estereotipos del régimen sentimental de su época. Aprovecha su situación social y su prestigio literario para trabajar a favor de las mujeres. La buena sociedad admite su excepcionalidad porque la considera ideológicamente integrable. La aristocracia ofrecía espacios de libertad individual y afirmación personal a diferencia de las dificultades que sorteaban las mujeres de clase media. Es un feminismo elitista.

Ingeniosa, proclama que a muchos hombres que se consideraban revolucionarios y avanzados, había que recordarles continuamente que las mujeres existían. "Todo debía transformarse y solamente la mujer permanecer inmutable". La mayoría de los liberales de la época practicaban el gatopardismo. Aún así, sus propuestas sobre el derecho a la educación, la independencia económica y las relaciones sentimentales entre iguales, suponen un punto de inflexión. En el contexto del regeneracionismo inserta la regeneración de la mujer, reclamando la formación de ciudadanas con igualdad de derechos y deberes.

Radicalmente moderna, excéntrica, extraterritorial, genial. Se representa múltiple y elusiva, como un conglomerado de ambivalencias literarias, políticas y sentimentales en conflicto. Conservadora y subversiva, ortodoxa e iconoclasta, feminista y clasista o todas al tiempo. Pardo Bazán resulta una desconcertante paradoja humana, un insólito puente entre siglos. Formidable polemista, a través de ella pueden observarse los dilemas de su generación con respecto a las identidades nacionales, de clase o de género.

Adquiere el control de su personaje y con ello su independencia intelectual, moral y material. La emancipación económica es imprescindible para ser una mujer con los privilegios de un hombre. Se calcula que en la primera década de siglo la media de sus ingresos ronda las 50 000 pesetas al año. Una sólida posición económica con la que logra formar parte del reducido grupo de poder.

Proyecta y dirige la construcción de las Torres de Meirás, entre 1894 y 1907, una vez consolidada su posición. Serán su quimera artística. Su santuario literario. Una fantasía mítica, señorial y decadentista. De la imperante arquitectura eclecticista, opta por un historicismo de influencia victoriana. Diseña unas arcaizantes torres románicas, conscientemente distanciadas de los ruinosos pazos gallegos. Quiere que represente la imagen de una artista original, exitosa y cosmopolita. Busca un espacio de intelectual emancipada, su propia tribuna. La reivindicación de una habitación propia precursora de Virginia Woolf.

Ecléctica como su siglo, según Burdiel, hay que entenderla en su contexto. Multifacética, transversal, heterodoxa, podríamos considerarla la inteligencia más inquieta y polémica de nuestra literatura. Ambiciosa, se forja un tipo de personaje de adelantada, de pionera, un singular punto de fuga que desborda los patrones de pensamiento y conducta de su tiempo. Introductora del naturalismo, del modernismo o del simbolismo. Apenas ocho días antes de morir, en su último artículo para el ABC, el 4 de mayo de 1921, descubre a Rabindranath Tagore. Transgresora, renovadora y asimiladora de todo lo nuevo hasta el último día de su vida. (Ver Acta Comisión Provincial de 12/05/1921. Acuerda el texto del telegrama de condolencia a la familia y designa representante en el funeral y entierro en Madrid).

BIBLIOGRAFÍA:


- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón. "A ideoloxía política de Emilia Pardo Bazán. Unha aproximación ao tema". La Tribuna. Cadernos de estudios da Casa Museo Emilia Pardo Bazán. 3 (2005).
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón. "Emilia Pardo Bazán en su tiempo histórico". Estudios sobre la obra de Emilia Pardo Bazán. Actas de las Jornadas conmemorativas de los 150 años de su nacimiento. 2003.
- BURDIEL, Isabel. Emilia Pardo Bazán. Barcelona. Taurus. 2020.
- GARCÍA NEGRO, Pilar. "Feminismo, espírito de clase, moralismo". La Tribuna. Cadernos de estudios da Casa Museo Emilia Pardo Bazán. 2(2004).
- GRUPO DE INVESTIGACIÓN LA TRIBUNA. "La riqueza de Emilia Pardo Bazán. Una aproximación a su estudio". La Tribuna. Cadernos de estudios da Casa Museo Emilia Pardo Bazán. 7(2009).
- SÁNCHEZ GARCÍA, Jesús Ángel. "Las Torres de Meirás. Un sueño de piedra para la quimera de Emilia Pardo Bazán". Goya. 332 (2010).



Textos y dirección de arte: Carmen Molina Taboada. Maquetación: Yolanda Carro Sánchez. Corrección texto gallego: Nieves do Campo Piñeiro.
Documentos reproducidos: ADAC H49. Acta Pleno 18/12/1914. Actas C.P. 25/03/1912, 12/05/1921.

# EMILIA PARDO BAZÁN
# MÚLTIPLE E ECLÉCTICA (II)

## Centenario 2021



Casal, X. Copia do pintor Vaamonde de Dª Emilia Pardo Bazán.
Ca.1984. Deputación Provincial A Coruña

**UNHA CITA**:

**"Buscamos lectores para traelos ao coñecemento"**

**Benito Pérez Galdós**

## Documento do mes de febreiro

ARQUIVO
Deputación
DA CORUÑA

Pioneira en territorios vedados, no ano 1896 Emilia Pardo Bazán logra ser a primeira muller profesora do Ateneo de Madrid. No ano 1902, a primeira Presidenta de Honra do Centro Galego da capital e da Real Academia Galega, no ano 1906. Tamén é a muller que no ano 1910 alcanza por primeira vez o cargo de Conselleira de Instrución Pública e no ano 1916 o de Catedrática da Universidade Central. Nese mesmo ano, é a única muller que logra votar en España antes da II República, ao formar parte da Sociedade Económica Matritense de Amigos do País.

Consegue todos os seus obxectivos menos entrar na Real Academia Española. A masculinidade intelectual do momento rexeitaríaa, como fixera con Gertrudis Gómez de Avellaneda. Tras tres intentos, nos anos 1889, 1891 e 1912, será a candidata perpetua. Decide que a loita vale máis que o fin e opta por xestionar o rexeitamento. Pechar a porta ás mulleres en xeral, e a Emilia en particular, é o maior erro da institución en tres séculos de historia, nos que tan só lograron entrar once, a partir de 1978.

En apoio da candidatura da condesa, non soamente colaboran todas as institucións galegas, como o Círculo de Artesáns, a Asociación da Prensa, a Real Academia Galega ou a Deputación da Coruña. O asunto convértese nunha cuestión nacional, politicamente transversal. Non se trata só de feminismo, senón de admiración e mesmo de redefinición das xerarquías culturais. A prensa de todas as tendencias posiciónase ao seu favor: La Voz de Galicia, El Imparcial, La Época, El Globo ou El País. En desagravio, a "coroa da súa carreira", apenas tarda en chegar. Os seus incondicionais promoven unha subscrición popular para erixirlle unha estatua nos Xardíns de Méndez Núñez. Reúnen 10 000 pesetas, 3000 proceden da Deputación da Coruña. (ver Comisión Provincial do 25/03/1912. Acorda o texto do telegrama de petición de ingreso da condesa na RAE). (ver Acta do 18/12/1914. Acorda contribuír ao monumento).

Prolífica, con máis de sesenta novelas, máis de mil contos e máis de mil cincocentos artigos de prensa. Célebre, como George Eliot ou Madame de Staël. Moderna e antimoderna, como Baudelaire, Goncourt ou Balzac. Transcende a disociación da súa época entre o público e o privado, alentado o cruzamento entre a súa vida e a súa obra. Os personaxes rompen cos códigos de valores do mesmo xeito que a súa autora. Namorada co cerebro, como George Sand ou Mary Wollstonecraft, os seus amores non se desenvolven en círculos aristocráticos. Os seus obxectos de desexo serán os escritores, os seus iguais. Transgresora dos usos amorosos, sociais e intelectuais da súa época, vivirá a cabalo entre os círculos literarios pequeno burgueses e os ámbitos aristocráticos nos que, aínda que pareza contraditorio, encontrará máis liberdade.

Resucita o salón literario que se converte nun centro de influencia. Instalada definitivamente en Madrid, nos anos noventa, tras a morte do seu pai, irrompe con escándalo nos círculos intelectuais dunha sociedade abrumadoramente masculina. Ás suás "tertulias de la calle San Bernardo dos luns, chegarían a ser famosas por romper todas as lóxicas de ideoloxía, de clase e de xénero.

Precursora na defensa dos dereitos da muller, as súas teses adiantan as das escritoras anglosaxoas: "a muller ten que traballar e ter un salario, para ser realmente libre e igual ao home". A modernidade do seu pensamento transgrede os estereotipos do réxime sentimental da súa época. Aproveita a súa situación social e o seu prestixio literario para traballar a favor das mulleres. A boa sociedade admite a súa excepcionalidade porque a considera ideolóxicamente integrable. A aristocracia ofrecía espazos de liberdade individual e afirmación persoal a diferenza das dificultades que sorteaban as mulleres de clase media. É un feminismo elitista.

Enxeñosa, proclama que a moitos homes que se consideraban revolucionarios e avanzados, había que lembrarlles continuamente que as mulleres existían. "Todo debía transformarse e soamente a muller permanecer inmutable". A maioría dos liberais da época practicaban o gatopardismo. Aínda así, as súas propostas sobre o dereito á educación, a independencia económica e as relacións sentimentais entre iguais, supoñen un punto de inflexión. No contexto do rexeneracionismo insere a rexeneración da muller, reivindicando a formación de cidadás con igualdade de dereitos e deberes.

Radicalmente moderna, excéntrica, extraterritorial, xenial. Represéntase múltiple e elusiva, como un conglomerado de ambivalencias literarias, políticas e sentimentais en conflito. Conservadora e subversiva, ortodoxa e iconoclasta, feminista e clasista ou todas ao tempo. Pardo Bazán resulta un desconcertante paradoxo humano, unha insólita ponte entre séculos. Formidable polemista, a través dela poden observarse os dilemas da súa xeración con respecto ás identidades nacionais, de clase ou de xénero.

Adquire o control do seu personaxe e con iso a súa independencia intelectual, moral e material. A emancipación económica é imprescindible para ser unha muller cos privilexios dun home. Calcúlase que na primeira década do século a media dos seus ingresos rolda as 50 000 pesetas ao ano. Unha sólida posición económica coa que logra formar parte do reducido grupo de poder.

Proxecta e dirixe a construción das Torres de Meirás, entre os anos 1894 e 1907, unha vez consolidada a súa posición. Serán a súa quimera artística. O seu santuario literario. Unha fantasía mítica, señorial e decadentista. Da imperante arquitectura eclecticista, opta por un historicismo de influencia victoriana. Deseña unhas arcaizantes torres románicas, conscientemente distanciadas dos ruinosos pazos galegos. Quere representar a imaxe dunha artista orixinal, exitosa e cosmopolita. Busca un espazo de intelectual emancipada, a súa propia tribuna. A reivindicación dunha habitación propia precursora de Virginia Woolf.

Ecléctica como o seu século, según Burdiel, hai que entendela no seu contexto. Multifacética, transversal, heterodoxa, poderiamos considerala a intelixencia máis inquieta e polémica da nosa literatura. Ambiciosa, fórxase un tipo de personaxe de adiantada, de pioneira, un singular punto de fuga que desborda os patróns de pensamento e conduta do seu tempo. Introductora do naturalismo, do modernismo ou do simbolismo. Apenas oito días antes de morrer, no seu último artigo para o ABC, o 4 de maio de 1921, descobre a Rabindranath Tagore. Transgresora, renovadora e asimiladora de todo o novo ata o último día da súa vida. (Ver Acta Comisión Provincial do 12/05/1921. Acorda o texto do telegrama de condolencia á familia e designa representante no funeral e enterro en Madrid).

**BIBLIOGRAFÍA:**


- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón. "A ideoloxía política de Emilia Pardo Bazán. Unha aproximación ao tema". La Tribuna. Cadernos de estudios da Casa Museo Emilia Pardo Bazán. 3 (2005).
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón. "Emilia Pardo Bazán en su tiempo histórico". Estudios sobre la obra de Emilia Pardo Bazán. Actas de las Jornadas conmemorativas de los 150 años de su nacimiento. 2003.
- BURDIEL, Isabel. Emilia Pardo Bazán. Barcelona. Taurus. 2020.
- GARCÍA NEGRO, Pilar. "Feminismo, espírito de clase, moralismo". La Tribuna. Cadernos de estudios da Casa Museo Emilia Pardo Bazán. 2(2004).
- GRUPO DE INVESTIGACIÓN LA TRIBUNA. "La riqueza de Emilia Pardo Bazán. Una aproximación a su estudio". La Tribuna. Cadernos de estudios da Casa Museo Emilia Pardo Bazán. 7(2009).
- SÁNCHEZ GARCÍA, Jesús Ángel. "Las Torres de Meirás. Un sueño de piedra para la quimera de Emilia Pardo Bazán". Goya. 332 (2010).


Textos e dirección de arte: Carmen Molina Taboada. Maquetación: Yolanda Carro Sánchez. Correcciópn texto galego: Nieves do Campo Piñeiro.
Documentos reproducidos: ADAC H49. Acta Pleno 18/12/1914. Actas C.P. 25/03/1912, 12/05/1921.